

# De festas pola Vila

BE “Carlos Labraña” – CEIP Nicolás del Río – 2º A de Primaria



## Nome do proxecto

**DE FESTAS POLA  
VILA**  
**Promoven**

Biblioteca Escolar “Carlos Labraña” do CEIP Nicolás del Río (Cedeira) e

Biblioteca Escolar Punta Candieira do IES Punta Candieira (Cedeira)

## Desenvolven

Alumnos de 2º A de Primaria e Alumnas de Antropoloxía de 1º de Bacharelato

[ENLACE AO PROXECTO](#)



## Memoria Individual - Modalidade 3

### A.-INTRODUCCIÓN:

O proxecto “De festas pola vila!” foi desenvolvido por un grupo de 2º de Educación Primaria e outro de 1º de Bacharelato (Antropoloxía) ao longo do presente curso coa participación de toda a comunidade educativa. A investigación desenvolveuse enmarcada no “currículo cedeirés” que se inclúe nas liñas prioritarias da biblioteca escolar co obxectivo de integrar a contorna máis próxima na aprendizaxe do alumnado. Na primeira reunión mantida entre as bibliotecas escolares da vila coméntase o proxecto e a coordinadora da biblioteca do IES Punta Candieira móstrase moi interesada e nese intre o proxecto pasa a ser intercentros.

Pártese do saber previo do alumnado, a través da aprendizaxe cooperativa que xenera diálogo e negociación constante ante os intercambios da información achada e dunha metodoloxía baseada en proxectos (que entende a aprendizaxe como unha actividade creativa de construcción) vaise investigando o tema.

Resultado final: o Concello editará un calendario do ano 2019 baseándose nas festas traballadas polo alumnado e os QR creados para cada mes. Tendo xa no seu poder o bocexo de calendario ([acédese clicando](#)) e o alumnado levou unha copia como resultado do proxecto.



Foto 1: Samaín – Novembro.

# De festas pola Vila

Preséntase a continuación, e como xustificación, a Táboa 1 (\*) na que se describe con detalle todo o referido a contidos curriculares, criterios e estándares de avaliación así como competencias clave.

\*O cadro que se presenta é unha parte, a modo de exemplo. Pode accederse ao documento completo premendo no seguinte [enlace](#).

RESUMO DA CONCRECIÓN CURRICULAR 2º EDUC.PRIMARIA - "DE FESTAS POLA VILA!"					
ACTIVIDADE	ÁREA	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS CLAVE
SELECCIÓN DAS FONTES DE INFORMACIÓN	CIENCIAS SOCIAIS	B3.3. Investigación sobre as diferentes manifestacións culturais da contorna.	B3.5. Reconocer algúns das manifestacións culturais e obras más representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuir á súa conservación.	CSB3.5.1. Explica oralmente algúns festas, costumes, folclore... propias da escola, da cidade, da comunidade así como algúns obxectos que sexan moi representativos na contorna próxima.	CSC CCL CCEC
RECOLLIDA DE DATOS	LINGUA GALEGA	B3.3. Composición de textos sínxelos relacionados coa escola para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, listaxes, descripcións, explicacións elementais).	B3.1. Producir e reescribir textos sínxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.	LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.	CCL CSIEE CAA
POSTA EN COMÚN	LINGUA GALEGA	B1.3. Comprensión e producción de textos orais sínxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposición ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).	B1.3. Comprender e producir textos orais sínxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sínxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido.  LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo.	CCL CSIEE CAA
CREACIÓN ARTÍSTICA BASEADA NA TRADICIÓN	MÚSICA	B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sínxelas.  B3.3. Práctica algúns danza tradicional galega.	B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	CCEC
DRAMATIZACIÓN	EDUCACIÓN FÍSICA	B4.2. Execución de bailes ou danzas sínxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, asociando o movemento corporal ao ritmo.	B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.	EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sínxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.	CCEC CAA CSC CSIEE
DIFUSIÓN	CIENCIAS SOCIAIS	B1.3. Introdución no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analízala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusiones.  B1.4. Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos.	B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conjecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimento e sensacións como medios básicos para obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusiones e comunicálas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.	CSB1.1.1. Fai conjecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusiones sínxelas e as Comunica.  CSB1.1.2. Manifa autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	CAA CCL CD CMCCT  CSIEE CAA CSC

Táboa 1: Concreción Curricular.

## B-. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS:

O obxecto fundamental do traballo que se presenta, non era outro que usar o calendario como eixo vertebral no que situar as festas máis representativas da nosa vila e, a través del, chegar ao coñecemento das estacións, dos meses, dos días, das semanas...

Amparados no currículo, que destaca as danzas e bailes propios de Galicia como elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural ademais de fomentar as relacións interxeracionais, imos tecendo unha rede de colaboración e participación das familias, das asociacións e do pobo en xeral.

# De festas pola Vila



Foto 3: Bocexo calendario



Foto 4: Mes de Xuño con código QR

## C- BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA:

Baixo o título "De festas pola vila!", traballo coordinado entre as Bibliotecas Escolares de Cedeira, a titora e diversos especialistas dun grupo de 2ºA de Educación Primaria e doutro de 1º de Bacherelato, articúlase un calendario no que participaron as familias, a comunidade educativa e diversos axentes sociais. Co obxectivo de levar a cabo un proxecto de investigación cooperativo das festas da vila, usando as TICs como medio de difusión (a través de códigos QR), propónense unha serie de rutinas que serán repetidas mes a mes dende o comezo do curso.

- **Recollida de información:** envíase unha carta ou nota ás familias onde se explica a festa a traballar, a información que buscamos e se convida a participar. Para todas as festas contamos coa documentación por parte de Rafael López Loureiro (mestre xubilado, escritor e coñecedor profundo das nosas tradicións).



Foto 5: Recollida e selección de información



Foto 6: Contraste de información

- **Posta en común e selección da información través de actividades cooperativas:** tendo a biblioteca como instrumento cotiá onde contrastar a información acadada, mantemos breves exposicións sobre a festa a traballar e así imos engadindo novas achegas que en primeira instancia quedan plasmadas nun borrador escrito e que serán revisadas e pasadas a limpo posteriormente.

# De festas pola Vila



Foto 7: Revisión de texto



Foto 8: Contrastamos a información coas familias

- **Creación artística baseada na tradición:** partindo das estacións, cada mes escollemos a data más emblemática para celebrar, unhas veces estaba moi claro polo seu valor cultural na vila e outras era por reivindicar unha danza ou actividade. Quedando así as celebracións:

ESTACIÓN	MES	FESTA	ACTIVIDADE	PARTICIPACIÓN
OUTONO	SETEMBRO	San Andrés	Elaboración de figuras de pan	Artesán Jorge Bellón.
OUTONO	OUTUBRO	Magosto	Colares de zonchos	Andy García (mestre do les Punta Candieira e pai dunha alumna.
OUTONO	NOVEMBRO	Samaín	Dramatización do sono do inverno	Celebración conxunta entre o alumnado de 2º A do Ceip e de Antropoloxía de 1º de Bacharelato. - Colaboran Quique Vázquez e Andy García.
INVERNO	DECEMBRO	Nadal	Busca do tesouro e elaboración de doces	Mares de Cedeira Museo
INVERNO	XANEIRO	Reis	Canto de Reis “Ímonos xa pra aldea porque aquí non é ben rúar...”	Avoas, avós e José de Vigo coa guitarra.
INVERNO	FEBREIRO	Candeloría	Dramatización da canción da Cadeloria. Copla recollida do libro de José Antonio Suárez Aneiros. Música de Paulo Vicente Monteagudo - Montouto Sound Machine (mestre de música do les Punta Candieira).	Celebración conxunta entre o alumnado de 2º A do Ceip e de Antropoloxía de 1º de Bacharelato. - Colaboran Quique Vázquez e Andy García. Documentación Rafael López Loureiro.
PRIMAVERA	MARZO	San Xosé	Xogo de pistas no paseo de Ribeira, charlas e exposición de ceterería.	Asociación Arce, protectora do río Condomiñas.
PRIMAVERA	ABRIL	Ramos	Creación de ramos e batalla lúdica.	Documentación Rafael López Loureiro.
PRIMAVERA	MAIO	Maios	Baile de fitas e creación do Maio coas familias e o alumnado de ámbalas dúas aulas.	Celebración conxunta entre o alumnado de 2º A do Ceip e de Antropoloxía de 1º de Bacharelato. - Colaboran Quique Vázquez e Andy García. Adaptación danzas de fitas e do xogo – baile “Indo eu” por Carmen Lorenzo (mestra de E.I. infantil do CEIP Nicolás del Río con oito anos de experiencia en grupos de trabalho e seminarios adicados á aplicación didáctica do baile tradicional nas aulas). Documentación Rafael López Loureiro.
VERÁN	XUÑO	San Xoán	Xogo de pistas, auga de rosas e lendas.	Celebración conxunta entre ambos alumnados CEIP e IES.

# De festas pola Vila



Foto 9: Ensaio cos avós dos Cantos de Reis



Foto 10: Montaxe do Maio coas familias.

- **Dramatización:** Unha vez artellada a canción, baile ou composición plástica a intención sempre foi compartir coas familias, a comunidade escolar, asociacións, axentes sociais...



Foto 10: Maios no Auditorio Municipal



Foto 11: Cantos de Reis na Praza da Rectoral



Foto 12: Candeloria na Biblioteca Carlos Labraña

# De festas pola Vila

- **Difusión:** Xa só quedaba deixar constancia e así cada mes leva un código QR que enlaza cun vídeo creado coa parte máis representativa das actividades realizadas.



Foto 13: Procesando textos e creando códigos QRs



Foto 14: Bocexo dun mes co QR

A screenshot of a blog website titled "VAGALUMES". The main heading is "De festas pola Vila! Candeloria - Febreiro". Below it, there's a video thumbnail and several small photos of students. The sidebar includes links for "Inicio", "Blog", "Actividades", "Recursos", "Cole", "Buscar", and "Admin".

Foto 15: Difusión no blogue de aula

## D-. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E O ALUMNADO:

- Cartas ás familias: na primeira contextualizamos o proxecto, as seguintes coas indicación necesarias para aportar a información, convidar a participar...
- Soportes gráficos para o traballo de aula ([Clica para ver algún](#))
- Documentación para as familias e o centro en base aos textos da Candeloria e de Ramos de Rafael López Loureiro, antigo mestre do CEIP Nicolás de I Río, escritor e excelente documentador.
- Documentación elaborada para o alumnado e a comunidade escolar en base á Lenda da "Flor da auga .....de Fernando Alonso Romero" e o documento dunha carta de Conrado del Campo a Víctor Said Armesto co primeiro borrador da ópera de "La flor del agua" (Cascaes, 24 de Julio, 1909)1
- Documento explicativo do funcionamento dos códigos QR baseado no texto de Nestor Alonso.
- Xogos das festas, [dos meses](#) e ruiros da vila de Cedeira para os escornabots e os Blue Bot.
- ["Libreto abordaxe"](#), pequeno libreto con pistas para a saída didáctica ao Museo Mares de Cedeira.
- Infografía para a revisión da escrita.
- [Invitacións](#) a diversas celebracións.



Foto 16: Plantillas para escornabots




Foto 17: Soportes gráficos

A flyer for an event titled "Preparación do Maio 2018". It provides details about the preparation date (May 26, 2018), time (16:30h to 19:30h), and location (Auditorio Municipal de Cedeira). It lists the participants (families and students of 2nd year of Nicolás de I Río), the material needed (metacarpal structures, glue, scissors, markers, etc.), and the material required from families (various food items like roses, lemons, and flowers). There are also small images of these items.

Foto 18: Nota ás familias

# De festas pola Vila

## E- RELACIÓN DE TAREFAS MÁS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO:

### **1ª Fase:** Selección das fontes de información, recollida de datos e posta en común:

No percorrer do proxecto hai unha parte común que afecta a cada unha das festas traballadas e que comeza sempre nunha das nosas asembleas do luns, un intre de diálogo onde eles teñen un espazo para explicar o que saben e que continuará en diversos momentos, coa recollida de información, e a necesidade que xurde de selección, organización e comunicación da investigación a través de grupos cooperativos. Posteriormente quedará plasmada nunha liña do tempo na aula.



Foto 18: Diálogos, expoñendo a información



Foto 19: Liña do tempo

### **2ª Fase:** Creación e dramatización:

O proxecto que abarcamos é diverso e extenso, cada mes crearon materiais plásticos, musicais ou dramáticos para revivir esa data que desexábamos sinalar. No seguinte cadro detállanse polo miúdo as actividades realizadas cada mes.



Foto 20: Coroas de flores San Xoán



Foto 21: Doces polo Nadal



Foto 22: Sanandresiños de pan

# De festas pola Vila

ACTIVIDADES MENSUAIS "DE FESTAS POLA VILA!"		
MES	FESTA	ACTIVIDADES
Setembro	San Andrés	-Deseño de figuras de pan co artesán Jorge Bellón. -Colaxe de San Andrés de Teixido. -Lendas de San Andrés. -Actividades gráficas (fauna, flora, situación xeográfica..)
Outubro	Magosto	-Creación de colares de zonchos. -Adiviñas do Magosto. -Conto do Magosto. -Saída didáctica a paisaxe de Outono na nosa contorna. -Canción do Magosto de Jesús Pareja.
Novembro	Samain	-Nubes de palabras do Samain na aplicación Word Art -Mural do Samain coa información organizada. -Obradoiro de baleirado e talado de cabazas. -Decoración da entrada da aula con casa escura chea de elementos para traballar o sentido do tacto. - Elaboración dun broche de cabaza para agasallar ao grupo de Antropoloxía e aos seus mestres. -Canción e dramatización do sono do inverno co alumnado de Antropoloxía do les.
Decembro	Nadal	-Preparación do percorrido no google maps -Busca do tesouro no Museo Mares de Cedeira. -Manualidade para a árbore de Nadal. -Obradoiro de doces de Nadal na cociña do centro. -Panxoliñas de Nadal. -Carta aos Reis Magos e posterior visita.
Xaneiro	Reis	-Ensaios do Canto na biblioteca Carlos Labraña cos avós e con Jose de Vigo. -Deseño de invitación para as familias e axentes sociais convocados. -Marcador co canto de Reis como agasallos para as familias e axentes implicados. -Canto de Reis na Praza da Rectoral "Imonos xa pra aldea porque aquí non é ben ruar..." -Merenda de Reis en familia: chocolate e Sanchos Panza.
Febreiro	Candeloria	-Deseño dunha máscara de paxaro. -Ensaios diarios da canción da Candeloria. -Actividades gráficas en cadernos, fichas... -Quedan permitidas as apegotas na aula ata o entroido. -Elaboración de atrapasóños para agasallar ao grupo de Antropoloxía e aos seus mestres. -Dramatización da canción da Candeloria na Biblioteca. Carlos Labraña co alumnado de Antropoloxía do les.
Marzo	San Xosé	-Actividades gráficas: fauna e flora na contorna do río Condomiñas. -Deseño de carteis para protexer á píldorriña e difusión no centro Ceip Nicolás del Rio. -Debuxos en 3D coa aplicación QuiverVision.com -Saída didáctica ao Museo de Historia Natural de Ferrol. -Saída didáctica á Aula de Ecoloxía Urbana en Ferrol. -Robótica cos BEE BOT dos seres vivos. -Saída didáctica á praia da Magdalena para identificar bivalvos con Marisa a mariscadora. -Xogo de pistas no paseo de Ribeira. -Charlas sobre a reciclaxe, obradoiro de recollida na praia e creación do equipo 3R. -Exposición de ceterería. (Moitas destas actividades non sería posibles sen a asociación Arce, protectora do río).
Abril	Ramos	-Creación de ramos con cintas de seda. - Batalla lúdica de ramos. - Lendas sobre a protección das casas, as colleitas...
Maio	Maios	-Documentación sobre a roupa e complementos para as danzas do Maio. -Elaboración de coroas de flores con diversos papeis -Notas para as familias sobre a roupa más conveniente para a actuación. Ensaios das danzas: adaptación da danza das fitas e do xogo - baile "Indo eu" -Creación do Maio coas familias e o alumnado de ámbalas dúas aulas. - Decoración do Auditorio Municipal de Cedeira para a actuación. -Dramatización das danzas no festival Lóva (ademas cántase novamente a canción da Candeloria).
Xuño	San Xoán	-Nota ás familias para seleccionar especies propias do noso San Xoán e traer á aula. -Clasificación das diversas especies. -Debuxos das especies florais traballadas. -Recollida escrita da receita da auga de rosas. -Lenda da Flor da Auga de Fernando Alonso Romero. -Recollida escrita de algúna lenda relacionada co San Xoán naquelha parroquia da vila. -Xogo de pistas do San Xoán co alumnado de Antropoloxía. -Recompilación de tódolos meses cos seus deseños e QRs da festa destaca.

## 3ª Fase: Difusión:

Para crear memoria colectiva hai que compartir, transmitir, por iso ao remate de cada celebración enlazaron o vídeo creado, onde se recollen os minutos más representativos da festa e o incrustaron na data correspondente do mes a traballar.

O [bocexo do calendario](#) foi entregado ao final de curso ao Concello de Cedeira que lle dará a máxima difusión no 2019.

## F- RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPALES FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN:

### RECURSOS:

- Humanos: profesorado, familias, comunidade educativa, [Asociación Arce, Mares de Cedeira Museo](#) e xente do pobo.
- Espazos: aulas ordinarias, biblioteca, aula de informática, comedor, Museo, Auditorio Municipal, Praza da Rectoral, Paseo de Ribeira, areal...

# De festas pola Vila

## - Materiais:

- Recuncho da festa: mesa con todas as achegas dos nenos/as e das familias.
- Robótica: escornabots, Beet Bot,
- Material funxible

## - Informáticos e dixitais:

- Ordenadores e impresora
- Blogue de aula e da biblioteca
- Ferramentas de Google: drive, photos, correo electrónico...
- Redes Sociais: facebook
- Cámara fotográfica e de vídeo
- WeTransfer
- Móbil persoal
- Editores de vídeo: Quick, Movie Maker, iMovie...
- Aplicacións: Word Art, Google maps, QuiverVision.com, xenerador de códigos QR

## FONTES:

- Fotografías
- Fontes orais.

## Bibliografía:

Usero, Rafael. El Santuario de San Andrés de Teixido. (1972) Santiago de Compostela. Imprenta Paredes.

Maciñeira Pardo-de-Lama, Federico. San Andrés de Teixido: Historias, leyendas y tradiciones. (2011) A Coruña. Ed. Maxtor.

López Loureiro, Rafael. Samaín: A festa das Caliveras. (2003) Vigo. Ed. Ir Indo.

López Loureiro, Rafael. (2009) O Serán das Luminarias. Volume 1. Cedeira. CEIP Nicolás del Río de Cedeira e a ANPA Picapeixe.

Suárez Aneiros, José Antonio. A música popular en Cedeira e no seu contorno. (2008) A Coruña. Deputación Provincial de A Coruña.

López Loureiro, Rafael. ["Os ramos de Cedeira e o ciclo do Maio"](#) "Revista da Sociedade Cultural Chirlateira" Ollaparo. Cedeira. Disponible en : <http://ollaparo.gal/2016/04/10/os-ramos-de-cedeira-e-o-ciclo-de-maio/>

Rodríguez Iglesias, Francisco. Galicia de lenda. (2002) A Coruña. Colección: Galicia para soñar. Hércules Ediciones.

Vázquez González, Benjamín. Tempos de festa en Galicia. Tomo I Entre os Reis e o mes de Maio. (2006) Fundación Caixa Galicia.

Vázquez González, Benjamín. Tempos de festa en Galicia. Tomo II Entre o Corpus e o mes de Agosto. (2008) Fundación Caixa Galicia.

Gonzalez Reboreda, Xosé M. Guía de festas populares de Galicia. (1997) Editorial Galaxia.

López Loureiro, Rafael. As caliveras de melón. (1999) Fundación Municipal Villabril. Imprenta Cedeira, S.L.

Alonso Romero, Fernando. La flor del agua, el saúco y el rocío en las tradiciones hídricas de la Europa céltica. Anuario

# De festas pola Vila

Brigantino 2006, nº 29. Disponible en: <http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab2006PDF/2006%20063-090-ALONSO%20ROMERO06.pdf>

## - Musicais:

Pareja, Jesús. Chegou o magosto. (2016)

Disponible en: <https://soundcloud.com/musicamrivero/5-jesus-pareja-chegou-magosto>

Nogueiras, Paco. Pintor, David "Brinca Vai": Meu mundo é! Kalandraka editora.

Contribución do profesor de música Vicente Monteagudo, Paulo. Música canción da Candeloria: Montouto SoundMachine Voces: alumnado de 2º A do Ceip Nicolás del Río e de 1º de Bachereato do les Punta Candieira. (Sen publicar).

Pesdelán. (2010) Na punta do pé. Kalandraka.

Asociación de Gaiteiros Galegos. "PELO GATO 24". Xunta de Galicia.

María Fumaça (2015). María Fumaça: cantar e bailar para ser más feliz. Ilus. P. Pastor. Vigo: Galaxia, col. Sonábores.

## **G- IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NO SEU CASO:**

Este proxecto non podería terse realizado sen as Bibliotecas Escolares de Cedeira, a implicación de toda a comunidade educativa, a colaboración estreita das familias, a implicación de asociacións como o Mares de Cedeira Museo, a Asociación Arce, o Concello de Cedeira, diversas persoas particulares que deixaron a súa pegada, e a emoción que moveu a todo o alumnado e profesorado que participou.



Foto 21: Actividades San Xosé na Biblioteca



Foto 22: As familias participan en todo o proceso

# De festas pola Vila

## H- DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

Todos os traballos realizados ao inicio, no proceso e na finalización do proxecto se divulgaron no blogue de aula, os blogues da Biblioteca Escolares “Carlos Labraña” e “Punta Candieria”, web e o facebook do Ceip Nicolás del Río e facebook da Biblioteca “Punta Candieira”:

FESTA	DIFUSIÓN (preme na ligazón)
SAN ANDRÉS	<a href="http://vagalumes.net/2018/07/03/san-andres-de-festas-pola-vila/">http://vagalumes.net/2018/07/03/san-andres-de-festas-pola-vila/</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/829">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/829</a> (escornabots apartado do proxecto) <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/865">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/865</a>
MAGOSTO	<a href="http://vagalumes.net/2018/07/03/magosto-de-festas-pola-vila/http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/795">http://vagalumes.net/2018/07/03/magosto-de-festas-pola-vila/http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/795</a> (formación de usuarios a través da robótica) <a href="http://vagalumes.net/2017/12/16/interactivos-de-xogos/">http://vagalumes.net/2017/12/16/interactivos-de-xogos/</a>
SAMAÍN	<a href="https://www.youtube.com/watch?v=5ZDtrqzTFg&amp;list=UUPLhp1kGWBID_2HDDmSXwiw&amp;index=15">https://www.youtube.com/watch?v=5ZDtrqzTFg&amp;list=UUPLhp1kGWBID_2HDDmSXwiw&amp;index=15</a> <a href="http://vagalumes.net/2018/03/27/de-festas-pola-vila/">http://vagalumes.net/2018/03/27/de-festas-pola-vila/</a> <a href="http://vagalumes.net/2017/11/05/samain-2/">http://vagalumes.net/2017/11/05/samain-2/</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/800">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/800</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/870">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/870</a>
NADAL	<a href="http://vagalumes.net/wp-admin/post.php?post=6628&amp;action=edit">http://vagalumes.net/wp-admin/post.php?post=6628&amp;action=edit</a> <a href="http://vagalumes.net/?s=tarta+quecho">http://vagalumes.net/?s=tarta+quecho</a> Tarta Quecho <a href="http://vagalumes.net/2018/01/02/bo-nadal/">http://vagalumes.net/2018/01/02/bo-nadal/</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/867">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/867</a>
REIS	<a href="http://vagalumes.net/2018/06/02/cantos-de-reis-de-festas-na-vila-xaneiro/">http://vagalumes.net/2018/06/02/cantos-de-reis-de-festas-na-vila-xaneiro/</a> <a href="http://vagalumes.net/2018/01/03/cantos-de-reis/">http://vagalumes.net/2018/01/03/cantos-de-reis/</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/846">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/846</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/831">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/831</a>
CANDELORIA	<a href="https://www.youtube.com/watch?v=HcG_b3ifM7A">https://www.youtube.com/watch?v=HcG_b3ifM7A</a> Canción Candeloria <a href="http://vagalumes.net/2018/06/10/maios-e-candeloria-de-festas-pola-vila/">http://vagalumes.net/2018/06/10/maios-e-candeloria-de-festas-pola-vila/</a> Festival Lóva <a href="http://vagalumes.net/2018/04/26/de-festas-pola-vila-candeloria-febreiro/">http://vagalumes.net/2018/04/26/de-festas-pola-vila-candeloria-febreiro/</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/836">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/836</a>
SAN XOSÉ	<a href="http://vagalumes.net/2018/07/03/san-xose-de-festas-pola-vila/">http://vagalumes.net/2018/07/03/san-xose-de-festas-pola-vila/</a> Protexemos a natureza <a href="http://vagalumes.net/2018/01/03/patrulla-r-as-3-r/">http://vagalumes.net/2018/01/03/patrulla-r-as-3-r/</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/831">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/831</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/866">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/866</a>
RAMOS	<a href="http://vagalumes.net/2018/05/06/ramos-marzo-de-festas-pola-vila/">http://vagalumes.net/2018/05/06/ramos-marzo-de-festas-pola-vila/</a> Ramos con fitas <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/838">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/838</a>
MAIOS	<a href="http://vagalumes.net/2018/06/10/maios-e-candeloria-de-festas-pola-vila/">http://vagalumes.net/2018/06/10/maios-e-candeloria-de-festas-pola-vila/</a> Festival Lóva <a href="https://www.youtube.com/watch?v=2WSxm2A20BE">https://www.youtube.com/watch?v=2WSxm2A20BE</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/837">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/837</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/869">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/869</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/837">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/837</a>
SAN XOÁN	<a href="http://vagalumes.net/2018/07/03/san-xoan-de-festas-pola-vila/">http://vagalumes.net/2018/07/03/san-xoan-de-festas-pola-vila/</a> Xogo de pistas, auga de rosas, lendas... <a href="https://www.youtube.com/watch?v=UD37RnQxbDs&amp;feature=share">https://www.youtube.com/watch?v=UD37RnQxbDs&amp;feature=share</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/871">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/871</a>

# De festas pola Vila

## I- AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVES DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.

Avaliar un proxecto de investigación tan amplio faise complicado se non limitamos os criterios. Deste modo seleccionamos os más relevantes tendo en conta a idade do noso alumnado, quedando reflectidos na táboa que prosigue, cos seus procedementos e instrumentos de avaliación.

AVALIACIÓN “DE FESTAS POLA VILA!”								
APRENDER A APRENDER CAA	COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA CSC	COMPETENCIA LINGÜÍSTICA CCL	COMPETENCIA DIXITAL CD	SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR CSIEE	CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS CCEC	COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIAS E TECNOLOGÍA CMC	PROCEDIMENTO	INSTRUMENTO
	B3.5.Recoñer algunha manifestación cultural da comunidade e contribuir á súa conservación.	B3.5.Recoñer algunha manifestación cultural da comunidade e contribuir á súa conservación.			B3.5.Recoñer algunha manifestación cultural da comunidade e contribuir á súa conservación.		Análise das producións dos alumnos e alumnas	Exposición oral
B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos.		B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos.			B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos.		Observación sistemática	Rúbrica e man autoinstruccións
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos.		B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos.			B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos.		Observación sistemática	Lista de cotexo
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.	B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.			B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.	B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.		Análise das producións dos alumnos e alumnas	Xogos de simulación e dramáticos
B1.1.Realizar traballos de investigación, extraer conclusións e comunicálas co manexo das TIC.	B1.1.Realizar traballos de investigación, extraer conclusións e comunicálas co manexo das TIC.	B1.1.Realizar traballos de investigación, extraer conclusións e comunicálas co manexo das TIC.	B1.1.Realizar traballos de investigación, extraer conclusións e comunicálas co manexo das TIC.	B1.1.Realizar traballos de investigación, extraer conclusións e comunicálas co manexo das TIC.	B1.1.Realizar traballos de investigación, extraer conclusións e comunicálas co manexo das TIC.		Observación sistemática	Lista de cotexo

É evidente que un proxecto que pretende transmitir o patrimonio artístico e cultural ten que levar un peso sólido na competencia da Conciencia e Expresións Culturais, competencia que non só transmitirá a heranza cultural, se non que tamén desenvolverá a iniciativa, a imaxinación e a creatividade e os axudará a realizar valoracións críticas da arte. Polo tanto, así que tiñan a información suficiente sobre a festa a tratar, permitímos innovar, crear, contribuir a engrandecer o que xa coñecían e isto sempre a través do diálogo, explicando a súa toma de decisións. A evolución dende o comezo de curso ata o final foi moi notable, e está claro que a repercusión que tivo no alumnado o traballo por grupos cooperativos e os grupos de voluntariado interactivo (comunidades de aprendizaxe) repercutiu en todos los ámbitos aínda que esta última non fora unha actividade do proxecto a tratar.

# De festas pola Vila

A competencia Aprender a Aprender axuda a que o alumnado tome consciencia do que sabe e do que descoñece, permitindo deste xeito que os nenos e as nenas poñan toda a intención para procurar a información. A motivación ante o proxecto permitiu que fosen capaces de implicar a familias, veciños e veciñas para que aportaran o seu saber procedente da tradición oral, de escritos, fotografías, danzas...

Pero non destacamos en tódalas competencias, hai outras como a Competencia Dixital, da que somos grandes descoñecedores. Estamos nese proceso de saber de dereitos e riscos, de principais aplicacións (creación de QR, google maps, algo de robótica...) vamos indo, a modiño, comezamos usar e procesar a información para plasmar alguma información (procesador de textos de LibreOffice); a poucos aprenderemos a ser más críticos, respectar os principios éticos e ter unha actitude máis activa e realista cara as tecnoloxías e os medios tecnolóxicos. Esta fenda é máis grande nun alumnado que noutro, pero tamén entre o profesorado. Este ano o centro xa realizou un PFPP para mellorar esta competencia e o vindeiro curso continuará, pois a necesidade e a demanda é grande.



Foto 24 : Contos en iPads con Puppets Pals



Foto 25: San Xose Natureza [quivervisión.com](http://quivervision.com)



Foto 26: Plantillas escornabots

Polo que respecta aos procedementos e instrumentos empregados quedan reflectidos na táboa. Destacar que a avaliación da escrita realiza a través dunha rúbrica e dunha autoavalición por parte do alumnado. Para esta última os nenos e nenas han de seguir unhas autoinstrucións (deseño de <https://www.aulapt.org/>) que permiten que eles teñan presente no momento da escritura unha guía visual con cinco pautas a seguir e respectar. Son así conscientes dos seus erros.

PRODUCIR E REESCRIBIR TEXTOS SINXELOS						
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	+	EXCELENTE	BEN	SUFICIENTE	INSUFICIENTE	-
COHERENCIA E SECUENCIA		Elabora o texto con coherencia, mantendo unha secuencia clara e ordenada das ideas.	Elabora o texto con coherencia, mantendo unha secuencia clara ainda que as veces custalle seguir a orde.	Elabora o texto escasa coherencia e a secuencia do texto é bastante inconexa, custa entendelo.	O texto carece de coherencia, é inconexo e carece de sentido lóxico.	
ORTOGRAFÍA		O texto respecta as normas ortográficas e de puntuación.	Excepto algunha ocasión, respecta as normas ortográficas e de puntuación.	Comete bastantes errores ortográficos e de puntuación.	Comete continuos errores ortográficos e de puntuación ao longo de todo o texto.	
PRESENTACIÓN		Presenta o texto limpio e ordenado.	Aínda que pode mellorarse, a presentación do texto é bastante limpia e ordenada.	Presenta o texto bastante suicio e desordenado.	Presenta o texto moi suicio e desordenado.	

Os espazos sinalados na táboa con un signo + e un signo - serven para enmarcar os casos que non se adapten aos calificativos establecidos. Se algún alumno ou alumna se atopara neste caso, procederíase facendo unha adaptación de contidos individual.




Foto 27: Autoavalización

# De festas pola Vila

## J- FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO:

Este proxecto nace da participación das dúas Bibliotecas Escolares de Cedeira, está dentro das liñas prioritarias do PLAMBE, enmarcado no estudo do currículo Cedeirés.

Así mesmo é a biblioteca fonte de documentación, laboratorio creativo de aprendizaxes, e tamén espazo de convivencia e de realización da maior parte das actividades que xiraron arredor do noso patrimonio artístico e cultural.

A biblioteca é o lugar onde o alumnado busca, selecciona e contrasta a información. As actividades de formación de usuarios, ao comezo do curso, permitíronlle aprender a buscar os fondos, citar as fontes, resumir, ser críticos coa información atopada...

A dotación do plan LÍA permitiu dispoñer de medios tecnolóxicos que melloraron as buscas, a diversidade de actividades e achegaron ás nenas e aos nenos ao mundo dixital.

A labor da biblioteca do centro como espazo difusor de información é fundamental para que este tipo de proxectos vaian más aló dos blogues das aulas.

A biblioteca é o abrigo dos nosos proxectos, a casa coas portas abertas.




Foto 27: Difusión no blogue da Biblioteca Carlos Labraña

María Dulcenombre Carro Etchepare

Titora de 2º A e membro do Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar Carlos Labraña.

Cedeira, 10 de Xullo de 2.018

